

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel 👉👉



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-OF-Óptica/Fotónica
Cianotipia I

Actividades elaboradas coa colaboración de

aimen
CENTRO TECNOLÓGICO

Cianotipia I

Achega

- ▶ Papel de cianotipia (ten coidado porque este papel debe manexarse sempre en penumbra e nunca exposto á luz solar).

Observa

Lembras a Anna Atkins? Era unha das nosas protagonistas na baralla de ilustradoras. Foi unha pioneira da fotografía científica realizando un herbario de algas para o que usou a técnica da cianotipia.

Prototipa

- ▶ Busca un lugar con tanta escuridade como sexa posible. Saca un o papel do sobre protector e sitúa enriba obxectos opacos ou moi pouco translúcidos. Podes usar restos vexetais (prensados e secos ou non), obxectos, adhesivos realizados co *plotter* de corte...). Se os obxectos son moi lixeiros asegúrate que non saen voando durante a exposición usando un cristal ou plástico transparente (salvo se usas adhesivos). Cubre o conxunto cun cartón groso (ou semellante) ata situalo ao sol.
- ▶ A luz ultravioleta (UV) contida na luz solar incidirá sobre os reactivos do papel pero non vas observar cambios moi evidentes. Deixao ao sol cando menos 10 minutos. Trancorrido o tempo que consideres lava o papel nunha cubeta con moita auga e verás como vira nun intenso azul de Prusia.
- ▶ Fai probas con distintos tempos de exposición. Non esquezas ser sistemático e anotar tempos e resultados. A que conclusións chegas? Poderías facer unhas instrucións sinxelas para os teus compañeiros?
- ▶ Os raios UV son os responsables do dano solar. Ademais dos protectores solares, que sempre debes utilizar, hai algunhas prendas que impiden mellor que outras o paso dos raios UV. Tanto tecidos técnicos desenvolvidos con este fin como tecidos tradicionais que cumpren esta función.

Nivel 🖐️🖐️

Indaga

- ▶ Da igual se é sol intenso ou sol tras as nubes? Funciona na sombra? E con luz artificial?
- ▶ Es quen de facer reaccionar a cianotipia con algunha das lanternas (ou cun punteiros láser) . Por que si ou no?
- ▶ Que pasa se sitúas anacos de papel de cianotipia ao sol dentro de diferentes prendas de roupa? Que conclusións podes tirar dos resultados?
- ▶ As tonalidades da cor azul sempre son as mesmas ou observas algún cambio nelas?



Segue o código QR do reverso para máis información.
Emprega o acceso de convidados.

